

Resolución reitoral pola que se procede a ampliación do prazo de presentación de solicitudes dos premios EGERIA á inclusión da perspectiva de xénero e/ou feminista nos traballos de fin de estudos de grao, de máster universitario e de teses de doutoramento da Universidade de Vigo, curso 2024/2025.

Á vista dos problemas técnicos que impiden o acceso ao formulario de presentación de solicitudes da bolsa convocada por Resolución reitoral de 17 de setembro de 2025 e

de conformidade co establecido no artigo 32.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,*

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Ampliar o prazo de presentación de solicitudes, dos premios EGERIA á inclusión da perspectiva de xénero e/ou feminista nos traballos de fin de estudos de grao, de máster universitario e de teses de doutoramento da Universidade de Vigo, curso 2024/2025. convocados por Resolución reitoral de 17 de setembro de 2025, ata o **13 de outubro de 2025** ás 23:59 horas (hora peninsular española).
2. Publicar esta resolución no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no Portal de bolsas da web da Universidade de Vigo.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger

